



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura
e Innovación Tecnolóxica

galicia



Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A
CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten previsto formalizar coa Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 10 de febreiro de 2017 até o 30 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración técnica e financeira entre a Consellería do Mar e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. para a realización dunha serie de programas sobre o sector pesqueiro e igualmente para a difusión de informacións diarias sobre a actualidade do sector; en especial no que respecta aos desembarcos de produtos pesqueiros que son realizados nos principais portos galegos e as súas cotizacións.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

- Información e difusión dos distintos planos que conforman a política da Consellería do Mar na presente lexislatura en relación coa preservación dos recursos mariños e a súa explotación racional así como a seguridade a bordo e supervivencia no mar.
- Difusión da información que contribúa á mellora e racionalización dos canles de comercialización dos produtos do mar e a súa manipulación así como á súa promoción cara ao fomento do seu consumo.
- Achegamento á realidade do traballo e á vida cotiá das xentes do mar de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no que segue:





A Consellería do Mar está empeñada en aplicar as fórmulas posibles que redunden na mellora do sector co obxectivo de facer destas actividades un sector produtivo de primeiro orde, capaz de proporcionar ás xentes que viven del unha maior calidade de vida e un alto grado de profesionalidade. Unha desas accións é a de impulsar todo aquilo que signifique estudo, información e documentación sobre a preservación e explotación racional dos recursos e cumprimento das normas de seguridade e supervivencia no mar, así como a promoción dos produtos pesqueiros, marisqueiros e da acuicultura, presentando as distintas posibilidades de aproveitamento dos mesmos e procurando a busca de novas saídas comerciais.

A Consellería do Mar considera á Corporación RTVG, por razón do seu alto grao de audiencia nas zonas costeiras e a súa raizame na sociedade galega, un medio idóneo para impulsar os devanditos aspectos relacionados co sector pesqueiro en xeral e a promoción dos seus produtos, e que por este medio considérase de grande importancia revitalizar e impulsar a súa programación en todo o que respecta á pesca galega.

Que a Corporación RTVG, ten o interese e deber, como servizo público que é, de dar a coñecer e promover entre a súa audiencia a divulgación de programas mediante os que se acade unha formación integral dos galegos na importancia que ten o sector pesqueiro e a súa conservación así como o uso axeitado do medio mariño.

Que dentro deste mutuo interese, e ao obxecto de procurar de modo conxunto o desenvolvemento das accións necesarias neste interese común, formalízase este convenio de colaboración co obxecto da realización dunha serie de programas televisivos emitidos baixo o nome ou lema de “VIVI-LO MAR” , campaña que gozou dunha grande aceptación polo público en xeral, e podéndose ampliar o ámbito de emisión a máis espazos, como informativos de carácter rexional nos que se pode incluír, diaria ou semanalmente, información que a Corporación RTVG ten interese en difundir como normativa, vedas, tallas de especies, hábitos correctos de manipulación, métodos de etiquetaxe e outros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago a catorce de febreiro de 2017.

